


## **14 de ABRIL (Esta semana imos repasar, acabar, continuar as actividades que tiñamos propostas)**

**\*1ª Tarefa**, a máis importante e obrigatoria de todas: **COIDARSE**. É o máis necesario nestes momentos. Xogar, cantar, bailar, facer exercicio, escoitar música e relexarse, animarse e animar, FALAR (como me sinto e como se senten os demais), organizarse(que imos facer cada día e que fixemos xa), cumprir estrictamente as normas oficiais da corentena... Eu estou intentando facer o mesmo, hai días que custa máis, verdade? Botamos en falta moitas cousas, por iso debemos apreciar máis as que temos...Esta situación ten que facernos máis fortes e aprender dela...**XA QUEDA MENOS!!** 

**\*As actividades dos libros e fichas de repaso** : Continúo (eran moitas). Tamén repaso co libro diante, comprobando as respostas cos cadros, esquemas, resumos. Se teño acceso internet, dicionarios, enciclopedias, libros de consulta ...busco/ comprobo dúbidas...**REVISO ORTOGRAFÍA E REGRAS**. <https://www.mundoprimeria.com/quedate-casa?ir=testing#lengua5> (se non teño acceso internet, non pasa nada! Vou repasando polo libro!)

**\*Outras actividades** (continuar/ empezar) :

-O MEU DIARIO // As receitas do MEU MENÚ // Debuxo de YAYOI KUSAMA e datos do teu interese // Redacción das MIÑAS NOTICIAS (da vosa realidade na casa, calquera tema vale: aniversarios, actividades de calquera tipo que fagades, que vexades pola ventá, comunicación c@s vos@s amig@s ou familiares, que vexades na televisión...) // Elaboración de ATRAPASONOS // Debuxos de MANDALAS // EXPERIMENTOS CASEIROS <https://educaconbigbang.com/tag/experimentos-con-hielo/> ...

- Tedes pendente tomar **FOTOS**:

- **DENDE A VOSA VENTÁ**
- **RETRATOS**
- **IMAXES VOSAS OU CON FAMILIA COAS ACTIVIDADES PROPOSTAS** (debuxos, manualidades, receitas, experimentos, disfraces...) e **outras que fagades neste tempo** (cando vaia tendo algunhas ireinas subindo ao blog de 5º e podedes verbos uns aos outros, é outra forma de pasar o tempo e animarse. Que alguén non se acorda como se facía? Volvo explicalo

Canto teña elexida a foto que quero :

1. Se é no móbil: fago **clik** nela e doulle ó símbolo de compartir, aparecen moitos medios pero seleccionamos o sobre de **Gmail**, xa nos aparece o correo( é a forma máis sinxela) .
2. Se é no ordenador: Abrimos a dirección de correo electrónico que teñamos , imaxinemos q gmail. Cubrimos os datos que se especifican no punto 3. Clik no símbolo de adxuntar (ten forma de clip). Vannos aparecer distintos lugares para buscar a fotografía, seleccionamos onde a teñamos gardada e xa nos aparece .
3. Datos a incluir no mail:

**Para:** [prensasofan@gmail.com](mailto:prensasofan@gmail.com)

**Asunto:** **Mónica+ o voso nome+ título da actividade que compartides** (son os subliñados nos puntos de arriba)

**No correo** xa está adxuntada a fotografía, podedes escribirme algo tamén se vos apetece.

**Clik** no triángulo de enviar e ...**xa está listo!** Eu responderei sempre.

**\*Só no caso de que algún precisase máis tarefa :**

- **LG: Páxs. 130-131**-----Convirto os cadros en esquemas. Acordarse incluír o "Lembra" da dereita. Exercicios **1, 2, 3, 4, 5**. Preparar ditado.
- **LC: Págs. 136-137**-----Sigo los pasos de estos ejercicios para **elaborar mi cartel solidario**. Despúes hago lo mismo para un **cartel de ánimo** para los de casa, para la ventana o para l@s compañer@s para compartir por **ACORREO** electrónico para el blog del cole,---Ej. 9.

**Pág.134**-----1, 2, 3, 4, 5, 6.

- **Revisa os esquemas de CCSS e CCNN**...podes mellorar algo? Tes todo ben aprendido ? **PONTE NOTA** e dá a túa explicación sobre a mesma.Fai os debuxos que poidan faltar en todos para repasar.

